

**INFORME DE INTERVENCIÓN Á LIQUIDACIÓN DO
EXERCICIO ORZAMENTARIO 2016
CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

INFORME DE INTERVENCIÓN NÚMERO 435 /2017

De conformidade co establecido no artigo 191.3 do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado polo R.D.Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, esta Intervención emite informe á liquidación do Orzamento do Concello do exercicio 2015.

A normativa de aplicación é a que segue:

- Artigos 191 a 193 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Artigos 89 a 105 do Real decreto 500/90, de 20 de abril, en materia orzamentaria.
- Orden EHA 4041/2004, de 23 de novembro, que aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.

O órgano competente para a aprobación da Liquidación do Orzamento é o Concelleiro delegado de Facenda de acordo, co previsto no decreto de delegación de Alcaldía .

A liquidación do Organismo Autónomo Auditorio de Galicia será incorporada a a liquidación do Concello .Da liquidación de cada un dos orzamentos que integran o orzamento xeral e dos estados financeiros das sociedades mercantís dependentes da Entidade, unha vez realizada a súa aprobación, darase conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

En informe independente, presentarase a avaliación da capacidade ou necesidade de financiamento para o cumprimento do obxectivo de estabilidade, consolidado para as entidades de incluídas no entorno de consolidación de conformidade cos criterios do Sistema Europeo de Contas.

O Decreto polo que se aproba a liquidación preséntase consolidado para o Concello e o organismo autónomo Auditorio, dado que as contas das sociedades mercantís non foron aínda obxecto de aprobación, toda vez que se rexen polos prazos establecidos na normativa mercantil.

O informe de liquidación e presentación da mesma por esta intervención realízase sobrepasado amplamente o período legalmente establecido ao respecto no artigo 191 do TRLFL . Foi posta de manifesto por quen subscribe , a situación de escasez de persoal e falta de inadecuación da cadro de persoal do departamento para poder levar a cabo as laboras que ten establecidas legalmente a Intervención de fondos . A estas , de "feito " se engaden as da contabilidade, incumprindo o establecido na lexislación aplicable ao Concello de Santiago ao respecto da separación de funcións entre intervención e contabilidade dos Concellos de grande poboación.A esta situación se engade situacións de baixas laborais no departamento incluída a da titular da Intervención ,e por último o incumprimento na práctica dos prazos de remisión da documentación por parte dos xestores aos efectos da posibilitar a imaxe fiel do resultado e remanente a 31 / 12 / 2016 todo o que, dificultou en maior medida ata imposibilitalo , o cumprimento dos prazos legalmente establecidos, o que se informa aos efectos oportunos .



A) LIQUIDACIÓN DO CONCELLO

O análise que se fai refírese exclusivamente ao Concello de Santiago e a súa liquidación, amosando a evolución dende o ano 2011. Incorporáanse, asemade, diferentes rateos económico-financeiros que completan os datos da liquidación

1. O remanente líquido de tesourería. Evolución.


O remanente líquido de tesourería para gastos xerais é positivo, e incrementa respecto do exercicio 2015 en 2.345.075,54euros que representa un incremento do 43,3 % , amosando unha senda crecente de incremento dende o exercicio 2014

Evolución Remanente de Tesourería (Período 2011-2016)

	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Fondos líquidos	10.565.704,95	15.875.098,52	16.627.821,96	9.606.788,33	17.773.687,59	21.945.839,62
Dereitos pendentes de cobro	49.108.068,26	55.768.994,99	50.553.475,45	50.488.584,10	52.718.151,50	55.954.554,51
Obrigas pendentes pago	31.494.539,35	17.526.335,38	18.840.569,69	19.473.129,44	17.357.064,36	21.274.313,70
Partidas pendentes aplicación					-587.329,49	-645.598,20
Reamente de tesourería total	28.239.233,86	34.117.758,13	34.120.727,72	26.622.242,99	32.547.445,04	33.980.482,03
Saldo dubidoso cobro	5.306.370,95	16.462.503,97	14.466.074,92	15.016.234,19	17.633.932,97	17.552.718,39
Excesos Financiamento afectado	24.333.974,71	15.764.943,91	15.061.374,93	9.883.488,10	9.495.696,76	8.664.872,79
Remanente de Tesourería G Xerais	-1.401.111,80	1.890.310,25	4.593.277,87	1.722.520,70	5.417.815,31	7.762.890,85

Na determinación do Remanente de Tesourería tivéronse en conta as porcentaxes mínimos para o cálculo do dubidoso cobro do artigo 193.bis do TRLFL, mantívedonse o mesmo criterio do exercicio 2015 , en canto a rectificación nesta dotación ata o 100%_no caso das contías recoñecidas e liquidados pendentes de ingreso dos conceptos 39110,39190,39191,39192,39200,39300 correspondentes a multas e sancións, recargas e xuros de demora de exercicios pechados (anos 2009 incluíndo o ano 2015) con base no escaso movementos na recadación efectiva das aplicacións , e como criterio adicional de prudencia. Do mesmo xeito , a partir da liquidación deste exercicio 2016 , visto o estado de recadación do pendente de cobro das aplicacións 39601 ; 39610 e 39902 , se adopta o criterio adicional de prudencia, , de excepción do criterio xeral de dotación do 75 % e dotalo co 100 % , dos dereitos liquidados pendente de cobro do exercicio cuarto a quinto anteriores ao que corresponda ao que se liquida os pendentes que correspondan con Ingresos urbanísticos , cotas urbanización , achegas e actuacións subsidiarias . Esta dotación adicional no actual exercicio supón mais de 2,6 millóns de euros .





CONCELLO DE SANTIAGO

Intervención xeral

A provisión estimada en conxunto por dubidoso cobro no ano 2016 é de 17.552.718,39 euros, no ano 2015 foi 17.633.932,97 euros. Xúntase anexo I co detalle de cálculo, desagregando o pendente de cobro por concepto de ingreso e exercicio orzamentario.

A dotación de persoal do departamento de intervención non mellorou, constan no actual exercicio novos informes ao respecto, as tarefas de depuración contable dos saldos de dubidoso cobro, pese a terse iniciado, non foi posible materializalas mediante expediente administrativo e elevalo a súa aprobación formal polo órgano competente.


As desviacións de financiamento positivas acumulada nos proxectos de gasto con financiamento afectado - "Excesos de financiamento" - pasaron de 9.495.696,76 euros ao rematar o 2015 a 8.664.872,79 no 2016 cunha diminución de 830.823,97 euros.



As desviacións de financiamento poñen de manifesto a necesaria incorporación de gastos ao exercicio 2017 en función do establecido no artigo 182 punto 3 do TRLFL o que terá efectos no incremento do estado de gastos do exercicio corrente, constan informes previos de intervención sobre a necesidade da execución orzamentaria axustando ao principio de anualidade orzamentaria dentro dun marco de orzamentación plurianual a efectos de minimizar o risco de afectación na capacidade de financiamento do Concello e na Regra do gasto establecidas na Lei de estabilidade orzamentaria vixente.

2. O resultado orzamentario. Evolución.

Evolución Resultado Orzamentario . Periodo 2011-2016

	2011	2012	2013	2014	2015	2016
1. Dereitos recoñecidos netos	108.362.866,32	107.667.147,01	94.208.725,38	93.477.349,90	98.278.746,64	98.223.464,10
2. Obrigas recoñecidas netas	94.965.997,27	86.639.854,85	90.238.690,89	97.606.016,32	89.687.032,49	94.223.726,46
3. Resultado antes de axustes (1-2)	13.396.869,05	21.027.292,16	3.970.034,49	-4.128.666,43	8.591.714,15	3.999.737,64
4. Gastos financiados con remanente líquido	0	0	723.613,46	4.059.083,51	361332,11	3.206.639,56
5. Desviacións negativas	9.590.501,74	3.715.809,16	5.247.535,05	4.554.652,59	3.540.687,66	4.637.107,95
6. Desviacións positivas	16.973.739,48	7.079.927,36	3.731.284,30	4.423.406,85	2.879.342,48	4.376.837,50
7. Resultado axustado (3+4+5-6)	6.013.631,31	17.663.173,96	6.209.898,70	61.662,82	9.614.391,44	7.466.647,65





O resultado orzamentario axustado é de signo positivo, e se sitúa en case 7,5 millóns (7.466.647,65 euros). Antes de axustes, ofrece un signo positivo de 3,9 millóns euros (3.999.737,54 euros). Os créditos financiados con remanente líquido de tesourería se cifraron en 3.206.639,56 euros no exercicio 2016 que incrementaron o saldo positivo do Resultado do exercicio.

Os dereitos recoñecidos no exercicio 2016 diminuíron lixeiramente con respecto aos liquidados no anterior exercicio (diminución do 0,05%, pasando de 98.278.746,64 euros no exercicio 2015 a 92.223.464,10 no 2016) e as obrigas recoñecidas se incrementaron (+5,05%, pasando de 89.687.032,49 a 94.223.826,46 euros). Neste caso, basicamente, como resultado do forte incremento dos gastos non financeiros en amortización (capítulo 9 do orzamento – páxina 3 do informe de intervención nº 286 / 2016), pasando de 3,8 millóns no exercicio 2015 a 12,4 no exercicio 2016.


Os gastos non financeiros que chegaron a fase de obrigas recoñecidas, no seu conxunto, diminuíron en máis de 4 millóns de euros ao respecto do exercicio 2015, cunha baixada porcentual do 4,7% sobre as obrigas do anterior exercicio. Polo que fai as obrigas por gastos correntes (Capítulo 1 a 4) se produciu un lixeiro descenso do 0,13% con respecto ao exercicio do ano 2015.



		Comparación gastos Non financeiros 2015-2016				
		2015	2016	DIF	%	
1	Persoal	29.083.101,83	28.024.780,83	-1.058.321,00	-3,6	
2	G. bens correntes e servizos	33.946.015,02	35.951.230,90	2.005.215,88	5,91	
3	Financeiros	1.019.375,90	927.210,91	-92.164,99	-9	
4	Transferencias correntes	11.837.042,72	10.881.836,20	-955.206,52	-8,1	
		75.885.535,47	75.785.058,84	-100.476,63	-0,1	
6	Investimentos reais	8.852.013,37	4.788.698,98	-4.063.314,39	-46	
7	Transferencias de capital	1.005.074,77	1.164.283,64	159.208,87	15,8	
		9.857.088,14	5.952.982,62	-3.904.105,52	-40	
		85.742.623,61	81.738.041,46	-4.004.582,15	-4,7	
8	Activos financeiros	66953,86	78.884	11.930,14	17,8	
9	Pasivos Financeiros	3.877.455,02	12.406.801	8.529.345,98	220	
		3.944.408,88	12.485.685	8.541.276,12	217	
TOTAL		89.687.032,49	94.223.726,46	4.536.693,97	5,06	

Evolución gastos correntes (Período 2011-2016)

	2011	2102	2013	2014	2015	2015
CORRENTES	70.069.241,21	70.470.234,01	73.391.660,70	74.945.924,70	75.885.535,50	75.785.058,84



3. Nivel de Endebemento .Aforro neto Evolución


O capital vivo a data 31 / 12 / 2016 é de 36.037.657,17 euros que representa o 39,32% dos ingresos liquidados consolidados calculados segundo o establecido no TRLFL .

O índice de endebedamento a 31 / 12 / 2016 , baixa notoriamente con respecto ao do exercicio 2015 pasando de representar o 45,64 % no exercicio anterior ao 39,38 5 no exercicio 2016 , No exercicio 2016 , se recoñeceu unha nova amortización anticipada de endebedamento en contía de 2.856.414,89 euros, financiada con Remanente Líquido de Tesourería, en cumprimento do disposto no artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, (LOEASF), e na Disposición Adicional Sexta do mesmo texto normativo, introducida esta última pola Lei 9/2013, de 21 de decembro .

	CONSOLIDADO	SOLO CONCELLO
Débeda viva a 31/12/2016	36.787.657,17	36.037.657,17
Ingresos correntes en termos consolidados exercicio 2016	93.554.063,31	91.514.655,76
Índice endebedamento a 31 /12/ 2016	39,32%	39,38%

Este “ índice de endebedamento “,a data do peche deste informe, se incrementará como resultado da incorporación das novas operacións que se derivan das previstas no orzamento do exercicio 2017 e sitúa a débeda en 41.394.851,35 euros no orzamento do Concello do ano corrente (cun índice do 45,23 % sobre os ingresos correntes consolidados do exercicio 2016) e 42.434.851,35 euros (45,36 % sobre os mesmos ingresos). O volume de endebedamento sitúase, pois , moi por baixo do límite do 75 % a que fai referencia a normativa de aplicación .

A) **O Aforro neto legal** segundo TRLRFL, (Instrucións da Guía para a tramitación e resolución dos expedientes de solicitude de autorización de endebedamento publicada polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas -se inclúe no cómputo só as operacións a longo prazo) calculado sobre unha anualidade teórica de amortización de 10.268.564,09 euros ascende a 6.326.663,49 euros sobre o orzamento do Concello e a 5.572.506,85 euros no orzamento consolidado .



A) Aforro legal

	CONSOLIDADO	CONCELLO
1. Dereitos recoñecidos netos (Cap. 1 ó 5)	93.554.063,31	91.514.655,76
2. Obrigas recoñecidas netas (Cap. 1,2 e 4)	77.712.992,37	74.919.428,18
3. Anualidades teóricas de amortización 2016	10.268.564,09	10.268.564,09
4. Aforro neto (1-2-3)a 31 / 12 / 2016	5.572.506,85	6.326.663,49

B) Aforro neto orzamentario:



	CONSOLIDADO	CONCELLO
1. Dereitos recoñecidos netos (Cap. 1 ó 5)	93.554.063,31	91.514.655,76
2. Obrigas recoñecidas netas (Cap. 1,2 e 4)	77.712.992,37	74.919.428,18
3. Obrigas capitulo 3 e 9 en 2016	13.111.079,26	13.110.928,10
4. Aforro neto orzamentario (1-2-3)a 31 / 12/2016	2.729.991,68	3.484.299,48

O aforro netamente orzamentario , calculado sobre as obrigas recoñecidas e liquidadas do exercicio 2016 é de 3.484.299,48 euros no orzamento do Concello e de 2.729.991,68 no orzamento consolidado. Diminuindo notablemente con respecto ao do exercicio 2015 , como se aprecia nos cadro seguinte..

Evolución aforro neto orzamentario. Periodo(2011-2016)

Dereitos recoñecidos	2011	2012	2013	2014	2015	2016
	10.336.6988,7	92.319.653,07	90.114.305,95	89.464.850,25	91.932.781,86	91.514.655,76
Obrigas recoñecidas	70.069.241,21	70.470.234,01	73.391.660,67	74.945.924,7	74.866.159,57	74.919.428,18
Anualidade	10.187.990,80	9.950.876,70	9.771.182,53	13.882.722,51	4.896.830,92	13.110.928,1
Aforro neto	23.109.756,72	11.898.542,36	6.951.462,75	636.203,04	12.169.791,37	3.484.299,48
% A.Netto / DR	22,36	12,89	7,71	0,71	13,24	3,81

Aforro neto



O aforro neto orzamentario no exercicio 2016 é o mais baixo do período 2011-2016 ca excepción do exercicio 2014 onde se produxo unha forte amortización de endebedamento adiantando cotas de amortización correspondentes ao exercicio 2015 .

5- Evolución do Saldo Financeiro do Concello


O gasto por amortización de endebedamento foi de 12,4 millóns de euros a 31 / 12 / 2016 é moi superior o ingreso da mesma natureza que só se materializou en dereitos recoñecidos en contía de 2,5 millóns de euros .O saldo financeiro resultado dos capítulos 8 e 9 dos estados de gastos e ingresos do orzamento a data do peche do exercicio 2016 foi claramente positivo en 9,8 millóns de euros.No informe á liquidación do exercicio 2015 foron expostas as causas da diminución das obrigas netas do capítulo 9 nesa anualidade concreta ,froito de que se adiantou a anualidade de amortización do exercicio 2015 ao exercicio 2014 . Ao recuperarse a senda "ordinaria " de amortización no exercicio actual, e , incrementarse,aínda mais os gastos e obrigas imputados ao capítulo 9 do orzamento pola amortización de débeda derivada da obriga legal de aplicación do Remanente líquido de Tesourería do exercicio 2015 a ese destino


Evolución Saldo Financeiro Período(2011-2016)

	2011	2012	2013	2014	2015	2016
1.DR NETOS (CAP 8)	80.121,82	76.506,28	72.680,38	73.730,70	76.182,99	73.572,91
2. OR NETAS(CAP 8)	85.027,42	68.441,86	80.000,00	71.352,34	66.953,86	78.884
3.DRNETOS (CAP 9)	0	12.733.132,47	0	969.697,13	2.976.081,86	2.548.624,3
4. OR NETAS (CAP 9)	8.244.958,80	7.967.684,32	7.915.479,02	12.215.942,77	3.877.455,02	12.406.801
5. Saldo financeiro (2-1-3+4)	8.249.864,40	-4.773.512,57	7.922.798,63	11.243.867,28	892.144,03	9.863.487,79

6.- A xestión orzamentaria.

6.1 Ingresos: Os ingresos liquidados totais foron 98.223.464,10 euros . A porcentaxe de execución global foi do 82,7 % sobre créditos definitivos .





CONCELLO DE SANTIAGO

Intervención xeral

Non é relevante ,a efectos de mera execución ,a desviación do capítulo 8 do estado de ingresos o por representar o financiamento con remanente afectado a gastos de obrigada incorporación e o remanente líquido de tesourería que financiou gasto no exercicio 2016 e que a normativa orzamentaria regula a súa incorporación no orzamento definitivo de ingresos pero non o seu novo recoñecemento contable


Polo que fai a execución dos ingresos non financeiros-95.601.266,89 euros - foi do 99,7 % sobre os estimados de carácter definitivo e os ingresos correntes -92.989.328,54 - de mais do 100% (102,%) cun incremento neto de 2.034.103,97 euros , procedentes da maior liquidación dereitos do capítulo 1 (Impostos directos) e do capítulo 3 (Taxas e outros ingresos)

CAPS	DENOMINACIÓN	PREVISIONS DEFINITIVAS	DEREITOS REC NETOS	RECADACIÓN LIQUIDA	%Execución	%Recadació
1	IMPUESTOS DIRECTOS.	40.538.956,41	43.713.613,09	40.333.957,19	107,8	92,3
2	IMPUESTOS INDIRECTOS.	3.406.419,06	3.016.312,00	3.115.853,67	88,5	103,3
3	TASAS, PRECIOS PÚBLICOS Y OTROS INGRESOS.	16.314.994,98	17.545.403,55	15.246.172,51	107,5	86,9
4	TRANSFERENCIA CORRIENTES.	30.244.174,92	28.293.681,03	27.803.147,97	93,5	98,2
5	INGRESOS PATRIMONIALES.	450.679,20	420.318,87	405.078,01	93,3	96,3
CORRENTES		90.955.224,57	92.989.328,54	86.904.209,35	102,24	93,40
6	ENAJENACIÓN DE INVERSIONES REALES.	0	14.844,12	14844,12		100
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL.	4.944.350,10	2.597.094,23	2.376.961,02	52,5	91,5
NON FINANCIEROS		4.944.350,10	2.611.938,35	2.391.805,14	52,8	93,4
8	ACTIVOS FINANCIEROS.	14.997.683,36	73.572,91	73.572,91	0,49	100
9	PASIVOS FINANCIEROS.	7.850.568,62	2.548.624,30	2.548.624,30	32,4	100
FINANCIEROS		22.848.251,98	2.622.197,21	2.622.197,21	11,5	
TOTAL		118.747.826,65	98.223.464,10	91.918.211,70	82,7	93,6

Polo que fai aos ingresos derivados de impostos (capítulo 1 e 2 do orzamento: que conjuntamente supoñen 46.729.925,09 euros que representan o 51,2 % do total de dereitos de ingresos correntes) foi a aplicación 29000 , correspondente ao imposto local

Informe de intervención á Liquidación do Exercicio 2016





CONCELLO DE SANTIAGO

Intervención xeral

sobre construcións instalacións e obras, a que presenta unha maior desviación negativa no estado de execución : o 36,8 % sobre as estimacións previstas: (-0,5 millóns de euros) que non obstante foi compensada coantitativamente co maior nivel de dereitos recoñecidos polo Imposto de bens inmobles (1,8 millóns mais sobre as previsións definitivas e o Imposto sobre incremento de valor dos terreos. 0,8 millóns), do mesmo xeito o nivel de execución do IAE sobrepasa o 100% sobre as estimacións previstas .

O capítulo 3 taxas e outros ingresos con 17.545.403,55 supón o 18,9 % dos ingresos liquidados por operación correntes.


Compre subliñar que o 60 % dos dereitos recoñecidos liquidados deste capítulo se concentran na taxa por recollida de lixo e nas multas e sancións , sendo que : O 36,2% na taxa por recollida de lixos (6.368.914,16 euros e) o 23,8 % nos diferentes conceptos de multas e sancións e recargas de prema e xuros (un total de 3. 393.390,1 euros as multas e sancións - o 19,3% do total dos dereitos recoñecidos e liquidados do capítulo- e os recargas de prema e xuros 784.691,6 4 euros o 4,5% do total)

Do mesmo xeito , o 3,3 % do total do capítulo , corresponde a un único concepto , a aplicación 38900 en contía de 583.652,77 euros procedente dun " reintegro de gastos" de exercicios anteriores que efectuou a empresa concesionaria do contrato de recollida de lixo e limpeza viaria en reembolso de contías abonadas polo Concello en concepto de " campañas publicitarias " tal e como reflicte o prego de condicións pero que a empresa non chegou a materializar efectivamente . O dito reintegro foi efectuado pola empresa , unha vez requirido polos servizos de intervención as xustificacións das contías abonadas no seu día e afectadas ao concepto subliñado. E por diferenza entre os xustificantes achegados e os pagos efectuados polo Concello Dende a data do reintegro se procede a efectuar liquidacións anuais de ditas contías antes do abono da última certificación anual

A concentración dos dereitos recoñecidos do capítulo en escaso número de figuras tributarias , pon de releve a tamén escasa capacidade recadatoria das taxas e precios públicos incluídos no capítulo con respecto ao total dos ingresos correntes.

As desviacións negativas mais significativas do capítulo corresponden a aplicación 32100 taxa por licencias urbanísticas -375.243,66 euros ,e 32101 taxa por licencias de aperturas .- 17.883,95 euros ; a aplicación 33901 taxa por utilización de privativa do dominio público marquesiñas ; :100 % de desviación negativa -227.705,78 euros , a aplicación 39902 actuacións por execucións subsidiarias cun nivel de dereitos recoñecidos de tan só o 0,15 % e unha desviación cuantitativa de -559.243,69 euros .

Analizado o nivel de execución ingresos de natureza corrente , se informa do necesario reforzamento da xestión das diferentes taxas e prezos públicos así como os ingresos patrimoniais a efectos de incrementar o cumprimento do establecido no TRLFL en canto a grado de cobertura dos servizos prestados e a súa obrigada repercusión a través das figuras tributarias establecidas regulamentariamente .



Informe de intervención á Liquidación do Exercicio 2016

O grado de execución das transferencias correntes foi do 93,5 % sobre as estimacións efectuadas e das transferencias de capital do 52,5 %. O nivel de execución do capítulo 9 por pasivos financeiros foi de 32,4 % : 2.548.624,30 euros fronte os 7.850.568,62 euros previstos

Estructura comparativa ingresos ordinarios exercicio 2016. (Créditos iniciais / Dereitos recoñecidos a 31 / 12 / 2016

DENOMINACIÓN	PREVISIONS DEFINITIVAS	DEREITOS REC NETOS	Estructuras Prev def nítivas	Estructura Liquidación
IMPUESTOS DIRECTOS.	40.538.956,41	43.713.613,09	44,5	47
IMPUESTOS INDIRECTOS.	3.406.419,06	3.016.312,00	3,8	3,2
TASAS, PRECIOS PÚBLICOS Y OTROS INGRESOS.	16.314.994,98	17.545.403,55	17,9	18,9
TRANSFERENCIA CORRIENTES.	30.244.174,92	28.293.681,03	33,3	30,4
INGRESOS PATRIMONIALES.	450.679,20	420.318,87	0,5	0,5
	90.955.224,57	92.989.328,54		

Os impostos directos e indirectos incrementan o seu peso porcentual na estrutura de ingresos correntes liquidados con respecto aos previstos orzamentariamente, en contra do peso que representan as transferencias correntes.

6.2 Gastos : As obrigas recoñecidas totais sobre o créditos definitivos do orzamento do 2016 foron 94.223.826,46 euros ,un porcentaxe de execución do 79,3 % sobre os créditos definitivos ; dos que 12,5 millóns corresponden a gastos financeiros; a práctica integridade destes, se materializaron en amortización de débeda : 12.406.801 euros

.As obrigas recoñecidas e liquidadas a 31 / 12 / 2016 por gastos financeiros supoñen o 13,3% das obrigas recoñecidas totais , o 6,3% foron obrigas por gastos por operacións de capital (cap 6 e 7 do orzamento cun volume de 5,9 millóns de euros) e 80,4 % foron gastos correntes.


Os gastos correntes ascenderon a 75.785.158,8475 euros, (17,2 millóns menos que os ingresos de igual natureza) e afloran unha porcentaxe de execución do 92,6 % sobre os créditos definitivos (6 millóns menos dos créditos orzamentados) A porcentaxe de execución por capítulos se mostra no cadro seguinte .

Os gastos de capital (Cap 6 e 7 do orzamento) ascenderon a 5,9 millóns de euros(5.952.982,62 euros) cunha porcentaxe de execución global do 24, 5% sobre os créditos definitivos .

CAPS	DENOMINACIÓN	CREDITOS DEFINITIVOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS	PAGOS LIQUIDOS	EXECUCIÓN %	PAGOS %
1	GASTOS DE PERSONAL.	28.952.771,09	28.024.780,83	27.523.351,29	96,8	98,2
2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS.	39.592.747,46	35.951.330,90	31.063.428,92	90,8	86,4
3	GASTOS FINANCIEROS.	1.069.599,14	927.210,91	672.584,33	86,7	72,5
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES.	12.208.655,29	10.881.856,20	8.205.101,74	89,1	75,4
5	FONDO DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS	0				
CORRENTES		81.823.972,98	75.785.158,84	67.464.465,78	92,62	89,02
6	INVERSIONES REALES.	21.700.652,08	4.788.698,98	2769764,02	22	57,8
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL.	2.583.999,84	1.164.283,64	1.028.321,74	45	88,3
NON FINANCIEROS		24.284.651,92	5.952.982,62	3.798.085,76	24,51	63,80
NON FINANCIEROS		106.108.624,90	81.738.141,46	71.262.551,54	77,03	87,18
8	ACTIVOS FINANCIEROS.	150.000,00	78.884,00	78.884,00	52,6	100
9	PASIVOS FINANCIEROS.	12.489.201,65	12.406.801,00	10.352.824,41	99,3	83,4
FINACEIROS		12.639.201,65	12.485.685,00	10.431.708,41	98,79	83,55
TOTAL		118.747.826,55	94.223.826,46	81.694.259,95	79,3	86,7

O capitulo de transferencias de capital tivo un nivel de execución do 45 ,05 % e o de transferencias correntes do 89,1%.. Nas transferencias de capital do orzamento se recolle unha contía de 925.000 euros con destino a sociedade INCOLSA para campañas de promoción turística e/ou feiras e exposicións cuxo gasto sexa susceptibles de producir os seus efectos en varios exercicios futuros.





CONCELLO DE SANTIAGO

Intervención xeral

As contas da sociedade, remitidas a Intervención , aplican a integridade das achegas municipais do exercicio 2016 como achegas a gastos de explotación da sociedade. Restando a 31 / 12 / 2016 a xustificación , e por ende, a fiscalización a aplicación dos fondos . Con independencia do resultado ma mesma , se informa da improcedencia do financiamento previsto por parte do Concello desas achegas cal era os ingresos procedentes de endebedamento a longo prazo . Tendo en conta que consta unha desviación de financiamento concreta negativa pola contía desa achegas que minora o remanente líquido de tesourería a 31 / 12 / 2016 , o por parte do Concello préstamo pendente de disposición debe ser amortizado por dita contía , ou proceder por parte do pleno do Concello ao cambio da finalidade do mesmo , o que se informa pola especial transcendencia que se deriva deste feito , e aos efectos da súa constancia .

Os pagos líquidos totais supuxeron o 86,7 % das obrigas recoñecidas do exercicio corrente

Evolución das obrigas recoñecidas por gastos de capital : (Cap 6 e 7)

	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
1. Invetimentos (Cap. 6+7)	27.715.587,41	11.876.970,67	5.100.383,57	5.222.201,50	6.737.325,27	8.852.013,37	5.952.982,62
Nº Habitantes:	94.824	95.207	95.671	96.041	95.800	95.612	95.966
euros / habitante	292,28	124,74	53,31	54,37	70,32	92,58	62,03

As obrigas recoñecidas e liquidadas en concepto de gastos de capital descenden ao respecto dos últimos dous exercicios liquidados pasando a situarse en 62,03 euros por habitante.

Os gastos comprometidos (fase D) no exercicio ascenden a 9.962.358,33 no capitulo 6 e a 1.195.902,22 euros no capitulo 7 o que supón o 45,49 % dos créditos totais do exercicio .

7. Operacións pendentes de aplicar ó presuposto.


Pendente de aplicar ao orzamento. Conta 413

	2011	2012	2013	2014	2015	2016
1. Saldo contable da conta 413	2.255.410,03	1.633.806,04	651.734,85	151.491,05	443.112,44	1.523.517,55

A conta 413 recolle o importe dos acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento a 31 de decembro, normalmente por tratarse de facturas recibidas no mes de decembro e que non puideron tramitarse , non obstante , a IGAE ben interpretando a

Informe de intervención á Liquidación do Exercicio 2016





**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Intervención xeral

necesidade de utilización de dita conta nos senso de que “En las entidades locales y sus organismos autónomos, el reconocimiento de activos, pasivos, patrimonio neto, gastos e ingresos debe de realizarse, desde el punto de vista económico-patrimonial, en función de la corriente real de bienes y servicios que los mismos representan, sin perjuicio de los criterios que deban seguirse para su imputación presupuestaria.... “ , Sendo que o criterio que establecen os Plans de Contas Locais para o recoñecemento dos activos, pasivos e gastos no Balance e na Conta de resultado económico patrimonial ou no Estado de cambios no patrimonio neto é un criterio económico-patrimonial (principio de devengo), mentres que o recoñecemento dos gastos presupuestarios no estado de liquidación do orzamento obedece a un criterio de principio de imputación presupostaría. Polo exposto e seguindo a ” Recomendación técnica da Intervención General da Administración do Estado sobre a utilización da conta 413 “acreedores por operaciones pendientes de aplicar a presupuesto” do plan xeral de contabilidade pública adaptado a administración local (Plan de Cuentas Normal) de data 4 de outubro de 2016 “ no actual exercicio se efectuou a imputación na conta 413 dos gasto efectivamente realizados dos que ten coñecemento a Intervención, e sobre os que ,sen embargo, non chegaran a ditarse actos administrativos que permitan o seu recoñecemento orzamentario . Deste xeito se aplica a regra xeral do recoñecemento das transaccións económico patrimoniais , nas contas anuais en virtude do principio de devengo na anualidade que se produciran tanto polo que fai aos activos, gastos ou pasivos. .

O principio de transparencia recollido no artigo 6 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira comenza dispoñendo que a contabilidade das Administracións Públicas e demais suxeitos comprendidos no seu ámbito de aplicación deberá conter información suficiente e adecuada que permita verificar a súa situación financeira, o cumprimento dos obxetivos de estabilidade orzamentaria e de sostenibilidade financeira e a observancia dos requirimentos acordados na normativa europea nesta materia. deste xeito o saldo da citada conta non garda homoxeneidade total cons criterios técnicos de imputación establecidos na conta do anterior exercicio , xa que a ela se imputan gastos devengados tales aos que se derivan de sentencias xudiciais firmes comunicadas a intervención ata 31 / 12 / 2016 entre outros .


Xúntase en documento anexo a relación de xustificantes que, correspondendo a “gastos devengados” que se imputan na citada conta a 31/12/2016 e que non puideron ser aplicados ao orzamento.

CONCLUSIONS : LIQUIDACIÓN ORZAMENTO CONCELLO

-Informase de conformidade á liquidación do orzamento do concello ano 2016 que alcanza un resultado orzamentario axustado de 7.466.647,65 euros e un remanente de tesourería de total 33.980.482,03 euros cun “remanente de tesourería para gastos xerais” de 7.762.890,85 euros, logo dunha axuste extra-contable por dotación de



Informe de intervención á Liquidación do Exercicio 2016



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Intervención xeral

morosidade de 17.552.718,39 euros (saldos de dubidoso cobro) e un exceso de financiamento afectado de 8.664.872,79 euros .

- Se informa de que constan contabilizados a 31 /12/ 2016 un total de 1. 1.523.517,55 euros pendentes de aplicación orzamentaria (conta 413) que por tanto non están incluídas no saldo afluído do Remanente de Tesourería para gastos xerais e que son destino preferente da aplicación do referido Remanente de conformidade co establecido na normativa en vigor .

- A situación económico financeira amosa magnitudes de sino positivo.a data 31 / 12 / 2016: O saldo non financeiro orzamentario é positivo en 13.863.125,43 euros e o aforro neto tamén en 3.484.299, 48 euros- aínda que éste diminúe notablemente sobre o afluído no exercicio 2015 - e o endebedamento se atopa por baixo dos límites legais .

O nivel de execución do capítulo de investimentos e a contía das desviacións de financiamento positivas (excesos de financiamento) obrigarán , salvo que se desista da súa realización a incorporación de novo remanentes de crédito (artigo 182.3 do TRLF) o que incrementa a marxe de dispoñibilidade de gasto sobre o inicialmente consigando para o exercicio 2017 e de por sí, obriga a incrementar ao máximo a execución e a materialización efectiva dos ingresos así como a prudencia nos gastos para minizar o risco de desequilibrio en termos de estabilidade_ e elo de conformidade co establecido no artigo 18 da lei de estabilidade) así como un proceso decidido de depuración dos citados remanentes. Se deberá proceder a non dispoñibilidade da fonte de endebedamento prevista con destino a financiamento das achegas en forma de achegas de capital a sociedade municipal INCOLSA(950.000 euros) pola razóns expostas neste informe .


A tendencia dos ingresos correntes, de manterse na situación actual de estancamento , recomenda manter as políticas de contención do gasto corrente xa que no actual exercicio se materializa un descenso do aforro neto orzamentario

B) LIQUIDACIÓN DO ORGANISMO AUTÓNOMO AUDITORIO DE GALICIA

Se mostra os cadro resumen de execución de ingresos do organismo autónomo que pon de manifesto que a fonte primordial de financiamento do Auditorio son as transferencias correntes que supuxeron 77,4 % do total de ingresos liquidados do exercicio cunha contía de 1.983.762,86 euros No exercicio foi precisa unha achega extraordinaria por parte do Concello que se materializou en 146.819,23 euros no capítulo 4 do orzamento de ingreso non obstante o estado de execución pon de manifesto un exceso por riba dos ingresos estimados de 26.892,86 euros procedente dunha subvención finalmente obtida en procedente da Excmá Deputación provincial con destino ao festival " curtocircuito " , ao mesmo tempo se materializaron un total de 31.870,88 euros de mais sobre as estimacións previstas no capítulo 3 do orzamento con orixe maioritario na recadación de prezos públicos por entradas a espectáculos .

Informe de intervención á Liquidación do Exercicio 2016





CONCELLO DE SANTIAGO

Intervención xeral

A porcentaxe de execución de ingresos totais foi do 94,46 % dos ingresos estimados definitivamente e o nivel de recadación sobre eles foi do 79,48 % .


CAPITULOS	P DEFINITIVAS	D RECOÑECIDOS	REACDAC LIQUIDA	EXECUCION RECADACION	
				%	%
TASAS, PRECIOS PÚBLICOS Y OTROS INGRESOS.	548.717,01	580.587,89	548.427,89	105,8	94,46
TRANSFERENCIA CORRIENTES.	1.956.870,00	1.983.762,86	1.489.616,24	101,4	75,05
INGRESOS PATRIMONIALES.	300			0	
ACTIVOS FINANCIEROS.	208.755,08			0	
TOTAL	2.714.642,09	2.564.350,75	2.272.144,12	94,46	79,48

O s gastos comprometidos globais foron de 2.603.302,32 euros, que supuxeron un nivel de con 95,8 % dos créditos orzamentados con carácter definitivo .Dos que chegaron a executarse un total de 2.581.652,22 euros en obrigas recoñecidas e liquidadas. O que supón unha porcentaxe de execución do 94,46 % dos ingresos previstos , fronte unha porcentaxe de execución de gastos do 95,10 %

CAPITULOS	CREDITOS	OBRIGAS	PAGOS	%	%
	DEFINITIVOS	RECOÑECIDAS	LIQUIDOS	EXECUCION	PAGOS
GASTOS DE PERSONAL.	787.205,78	759.021,12	757.125,60	96,41966	99,8
GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS.	1.607.681,23	1.583.710,02	1.076.429,62	98,50896	67,9
GASTOS FINANCIEROS.	1.000,00			0	
TRANSFERENCIAS CORRIENTES.	268.755,08	238.920,90		88,89912	0
FONDO CONTINXENCIA	40.000,00	0,00		0	
INVERSIONES REALES.	0,00	0,00	0		
ACTIVOS FINANCIEROS.	10.000,00	0,00			
TOTAL	2.714.642,09	2.581.652,04	1.833.555,22	95,10	71,02

O resultado orzamentario do Auditorio é negativo na contía de 17.301,29 euros , pero contendo no estado de gastos un total de 198.755,08 euros de gastos financiados con remanente de tesourería do exercicio 2015(contía do remanente integro ingresado ao





**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Intervención xeral

Ente central) co efecto definitivo dun "resultado axustado" é de signo positivo en contía e 181.453,79 euros .

	Dereitos Recoñecidos	Obrigas Recoñecidas	RESULTADO
Operacións correntes	2.564.351	2.581.652,04	
Operacións de capital			
TOTAL OPERACIONES NON FINANCEIRAS	2.564.350,75	2.581.652,04	
RESULTADO OPERACIONES NON FINANCEIRAS			-17.301,29
RESULTADO OPERACIONES FINANCEIRAS			
RESULTADO ORZAMENTARIO			-17.301,29
AXUSTES			
Créditos financiados con Remanente de Tesourería			198.755,08
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO			181.453,79


O saldo de operacións non financeiras coincide co resultado axustado non aflorando contablemente desviacións de financiamento .

O remanente de tesourería para gastos xerais é tamén positivo en 167.752,91 euros . Consta na conta 413 as facturas recibidas a 31 / 12 / 2016 que non teñen acordo adminstartivo que permitise a súa imputación ao orzamento

No remanente de tesourería cuxo cálculo se inclúe no expediente ,se computan conforme ao establecido , a dotación de saldo por dubidoso cobro que debido ao escaso volume de recursos que restan pendentes de cobro (o recoñecemento de dereitos por subvencións se realizan ca previa notificación do seu recoñecemento polo ente subvencionante) alcanza a 63.233,75 euros cun incremento na dotación de 9.700,88 euros con respecto ao exercicio 2015

O expediente deberá incluír a proposta de aprobación da liquidación da directora xerente e do presidente do Organismo Autónomo sendo obxecto de aprobación conxunta ca liquidación do orzamento do Concello






**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Intervención xeral

No cadro seguinte se amosa a evolución do remanente de tesourería para gastos xerais do Organismo no período 2012-2016 .

Evolución Remanente Auditorio .(Período 2012-2016)

	2012	2013	2014	2015	2016
Remanente líquido	638.33,94	762.196,71	203.467,09	252.287,95	234.986,66
Dubidoso cobro	19.951,90	69.133,73	40.830,10	53.532,87	67.233,75
	2012	2013	2014	2015	2016
Remanente Gastos xerais	618.382,04	693.062,98	162.636,99	198.755,08	167.752,91



CONCLUSIONS LIQUIDACIÓN ORGANISMO AUTONOMO AUDITORIO DE GALICIA

Informase de conformidade á liquidación do orzamento do Auditorio ano 2016 que alcanza un resultado orzamentario axustado de 181.453,79 euros , un remanente de tesourería total de 234.986,66 euros e un Remanente de tesourería pagar gastos xerais logo de axuste de Saldos por dubidoso cobro (67.233,75 euros) de 187.752,91 euros

- Se informa de que constan contabilizados a 31 /12/ 2016 un total de 2.464,48 euros euros pendentes de aplicación orzamentaria (conta 413) que por tanto non están incluídas no saldo afluído do Remanente de Tesourería para gastos xerais e que son destino



Informe de intervención á Liquidación do Exercicio 2016



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Intervención xeral

preferente da aplicación do referido Remanente de conformidade co establecido na normativa en vigor .

C) LIQUIDACIÓN CONSOLIDADA

O estado do remanente de tesourería consolidado para gastos xerais é de 7.930.643,76 euros

O resultado orzamentario consolidado é de 3.982.436,35 euros e o resultado logo de axustes "Resultado axustado consolidado " é de 7.648.101,44 euros

D) DESTINO DO RESULTADO

-De conformidade co establecido no redactado actual do artigo 32 da LOEPSF o destino do remanente líquido de tesourería (superávit orzamentario en termos da lei) é como regra xeral a de reducir o nivel de endebedamento neto sempre co límite do volume de endebedamento si este fose menor ao importe do superávit a destinar a esa redución .


Calculada a estabilidade en informe nº 436./ 2017 de mesma data que este informe de liquidación , esta aflora a contía de 8.368.352,89 euros ,en termos consolidados , sendo o remanente de tesourería calculado para gastos xerais consolidado inferior a dita contía de 437.709,13 euros .


Non obstante tanto o Organismo Autónomo Auditorio de Galicia como a sociedade INCOLSA amosan necesidade de financiamento .No Auditorio de -6.553,83 e na Sociedade INCOLSA de -211.624,90 . Consta informe expreso e independente sobre as consecuencias legais e as causas que motivan esta necesidade de financiamento.

Como regra especial , no ano 2017 , e sempre que se dean as circunstancias marcadas normativamente se estará ao disposto na lei de orzamentos xerais do Estado pendente de publicación no BOE.

Na disposición adicional nonagésima segunda.do proxecto de lei publicado a data deste informe (MEF páxina web a) se establece :

“ Destino del superávit de las entidades locales correspondiente a 2016. En relación con el destino del superávit presupuestario de las entidades locales correspondiente al año 2016 se prorroga para 2017 la aplicación de las reglas contenidas en la disposición adicional sexta de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera, para lo que se deberá tener en cuenta la disposición adicional decimosexta del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo. A los efectos del apartado 5 de la última





**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Intervención xeral

disposición citada las referencias a los años 2014 y 2015, deberán entenderse a 2017 y 2018, respectivamente. “ , o que implica :

1) Se aplicará en primeiro lugar a atender as obrigas pendentes de aplicar ao orzamento contabilizadas do exercicio anterior na conta “ acreedores pendentes de aplicar ao orzamento “ e a cancelar, con posterioridade , o resto de obrigas pendentes de pago a acreedores , contabilizadas e aplicadas ao peche do exercicio anterior

2) Caso de que a contía se mantivese positiva , logo de aplicar o importe anterior ,e si a Corporación optase por investir en” investimentos financeiramente sostibles “ que cumpran os requisitos legalmente establecidos para ser considerados como tales(disposición adicional decimosexta do R/D legislativo 2/2004 de 5 de marzo) , se deberá destinar , como mínimo , a porcentaxe de este saldo par amortizar operacións de endebedamento que estén vixentes e que sexan necesarias para que a corporación local non incorra en déficit en temos de contabilidade nacional no dito exercicio 2016.

3) O saldo restante , logo de aplicar os saldos da 413 e os posibles investimentos financeiramente sostibles o importe restante se deberá destinar a amortizar débeda

4) Os Requisitos normativos para a aplicación do réxime expecional_ a investimentos financeiramente sostibles_ son_:

a) O nivel de endebedamento da débeda viva consolidada deberá ser inferior o 110 % dos ingresos correntes consolidados .

b) Deberá presentarse estabilidade orzamentaria positiva na liquidación do 2016 en tremos de contabilidade nacional

c) O período medio de pago non sexa superior a 30 días en relación aos datos a 31 /decembro de 2016

Santiago de Compostela, 16 de Xuño de 2016.

A INTERVENTORA XERAL

Inmaculada Viña Carregal

